

Tema 1

Educación viaria: unha necesidade

Contidos:

Área de **Educación viaria**:

- Tipos de vías públicas.

Área de **Linguaxe**:

- A carta: estrutura e tipos.

Área de **Matemáticas**:

- Operacións con decimais: sumas, restas, multiplicacións e divisións.
- As unidades de lonxitude.

Área de **Ciencias sociais**:

- A Terra no espazo: o Sistema Solar.
- Planetas do Sistema Solar.
- Movementos da terra: consecuencias.

Área de **Ciencias naturais**:

- Os sentidos: comunicación do cerebro co exterior.
- Características principais dos sentidos.

Área **Transversal**:

- Educación para a igualdade entre os sexos: a condución no home e na muller.

Educación viaria: unha necesidade


Os Fernández son unha familia como outras moitas familias. As súas vidas, inquietudes e ilusións corren paralelas ás dos veciños da súa cidade.

Roberto é o pai. É transportista e ten unha furgoneta.

Marisa é a nai. É ama de casa.

Raúl, o maior dos fillos, ten 20 anos. Traballa nun taller de reparación de motocicletas. As motos son a súa paixón e gustaríalle ser corredor profesional.

Eduardo ten 17 anos. Estuda bacharelato. Conduce un ciclomotor e isto preocupa moito aos seus pais, porque saben que os accidentes con este tipo de vehículos adoitan ser moi graves.




Cristina é a única filla. Ten 11 anos e é moi boa estudante.

Brais é o pequeno. Ten dous anos e é o xoguetes da familia.

Emilio e Rosa son os avós maternos. Viven coa familia no mesmo piso.

Despois dos últimos accidentes acontecidos no barrio, os Fernández están moi preocupados polos problemas do tráfico e intentan educar os seus fillos e filla para que sexan bos cidadáns/as, como condutores e peóns.



Son persoas que viaxan moito e utilizan a furgoneta para traballar entre semana e para viaxar os fins de semana ou en vacacións. Nestas lecturas contarannos algúns episodios da súa vida e doutras persoas do seu arredor.


ACTIVIDADES

1- Le o texto anterior e responde ás seguintes cuestións:

- Cres que a familia que aparece é un prototipo da familia actual? Razona a túa resposta.
- Os papeis do home e a muller están moi delimitados. Correspóndese coa familia media actual? Explica por que.
- Consideras xustificada a preocupación dos Fernández por intentar educar os seus fillos na educación viaria? Por que?
- Cres necesario educar as persoas para ser bos condutores e peóns? Razóao.

2- Busca o significado das seguintes palabras e copia o seu significado:

calzada *beiravía* *bordo* *beirarrúa* *carril*



3- Fai dúas frases con cada unha das palabras anteriores.

4- Toma nota do seguinte cadro:

TIPOS DE VÍAS PÚBLICAS

- **Vía urbana:** é aquela que se encontra dentro das vilas e cidades. Coñécese co nome de rúa.
- **Vía interurbana:** é a vía que está fóra das cidades e vilas, E une estes entre si. Coñécese como “estrada”.
- **Travesía:** é o tramo de vía interurbana que pasa por chan urbano.
- **Autoestrada:** é a vía interurbana proxectada, construída e sinalizada exclusivamente para a circulación de vehículos automóbiles, con calzadas separadas para cada sentido de circulación.
- **Autovía:** estrada que, non reunindo todos os requisitos de autoestrada, ten calzadas separadas para cada sentido de circulación.

- 5- Cres que deberá ser igual a conducción en todas as vías anteriores? Explica e diferencia as peculiaridades de cada unha delas.
- 6- Imaxina que vas a un determinado lugar este fin de semana no teu coche. Inventa unha historia, de polo menos 25 liñas, na que inclúas o maior número de palabras das actividades anteriores.

A carta

Benidorm, a 2 de agosto de 2012

Querida Mari Luz:

Xa chegamos a Benidorm e instalámonos nun hotel moi bonito, preto da praia.

A viaxe foi algo longa, xa que, como só conducía Xan, descansabamos cada dúas ou tres horas para evitar a fatiga e o sono, que sempre che poden carrexar algún desgusto na viaxe.

Houbo moito tráfico pois é un día no que viaxan miles e miles de automóbiles e por iso tivemos que extremar aínda máis as precaucións. Así que fomos tranquilos, que o importante é chegar e non chegar un pouquiño antes.

Agora, nada máis acabar de escribir a túa carta, ímonos á praia. Non che dá un pouquiño de envexa?

Ben, despídome. Dentro duns días mándoche outra carta, e cóntoche como van as vacacións. Un forte abrazo.

Xan Carlos



ACTIVIDADES

1- Saberías identificar que tipo de escrito é o que acabas de ler? Por que?

2- A estrutura das cartas é a seguinte:

- **Encabezamento**: onde aparece a data e o saúdo ao destinatario.
- **Corpo**: é a parte máis extensa, na que, nun ou varios parágrafos, se explica o asunto que motiva a carta.
- **Final**: inclúe a despedida e a firma.

Segundo isto, separa os tres apartados da carta anterior.

3- As cartas poden ser de varios tipos: persoais, comerciais, cartas a directores dunha publicación... Imaxina que queres escribir unha carta a un amigo e outra ao director dunha empresa solicitando un emprego. Que diferenzas habería entre unha e outra?

4- Escribe diferentes encabezamentos para dirixirte cunha carta a:

- *Un irmán/a.*
- *A directora dun xornal.*
- *Unha amiga.*
- *O xefe de persoal dunha fábrica.*

5- Escribe unha carta dirixida ao director dun xornal na que lle expoñas algunha queixa, petición...

Operacións con decimais

COMO SE **SUMAN** NÚMEROS DECIMAI

- Primeiro escríbense uns debaixo doutros, de modo que se correspondan as unidades da mesma orde.
- Despois súmanse coma se fosen números naturais e ponse a coma no resultado baixo a columna das comas.

Ex.: $3,06 + 4,8 + 6,125 = 13,985$

$$\begin{array}{r} 3,06 \\ 4,8 \\ + 6,125 \\ \hline 13,985 \end{array}$$

COMO SE **RESTAN** NÚMEROS DECIMAI

- Primeiro escríbense o minuendo e o subtraendo de modo que as comas estean en columna. Se os números non teñen igual número de cifras decimais, complétanse con zeros as cifras que falten.
- Despois réstanse coma se fosen números naturais e ponse a coma no resultado baixo a columna das comas.

Exemplo: $8,6 - 3,25 = 5,35$

$$\begin{array}{r} 8,60 \\ - 3,25 \\ \hline 5,35 \end{array}$$

COMO SE **MULTIPLICAN** NÚMEROS DECIMAI. CASOS

- **Multiplicación dun número decimal pola unidade seguida de zeros.**
Desprázase a coma cara á dereita tantos lugares como zeros teña a unidade, engadíndose, se fosen necesario, os zeros que correspondan.
Exemplos: $0,32 \cdot 10 = 3,2$; $0,32 \cdot 100 = 32$; $0,32 \cdot 1.000 = 320$

- **Multiplicación de dous números decimais ou dun número decimal por un número natural.**

Efectúase a operación como se fosen números naturais e do produto sepáranse tantas cifras como cifras decimais teñan xuntos os dous factores.

Ex.: $4,2 \cdot 0,35 = 1,470$

$$\begin{array}{r} 4,2 \\ \times 0,35 \\ \hline 1,470 \end{array}$$

$42 \cdot 0,35 = 14,70$

$$\begin{array}{r} 42 \\ \times 0,35 \\ \hline 14,70 \end{array}$$

ACTIVIDADES

1- Calcula:

$$\begin{array}{lll} 2,5 + 3,6 = & 2,5 + 280,6 + 12,75 = & 8,2 + 4,6 + 2,92 = \\ 0,6 + 0,45 = & 21,03 + 1,0006 = & 0,25 + 0,75 = \end{array}$$


2- Efectúa as seguintes restas:

$$\begin{array}{lll} 3,6 - 2,1 = & 128,25 - 19,48 = & 34,5 - 12,79 = \\ 6,1 - 4,98 = & 121,75 - 0,7 = & 1,5 - 0,47 = \end{array}$$



3- Dun depósito de gasolina sácanse 25,5 litros e despois 12,75 litros; finalmente sácanse 8,5 litros. Ao final, no depósito quedan 128 litros. Que cantidade de carburante había ao principio no depósito?

4- Un ciclista percorreu 145,8 km nunha etapa, 136,75 km noutra etapa e 62,62 nunha terceira etapa. Cantos quilómetros lle quedan por percorrer se a carreira é de 1.100 km?



5- A lonxitude dun camión é de 12,75 m. Un segundo camión mide 2,82 m menos que o primeiro e un terceiro, 3,57 m máis que o segundo. Cal é a lonxitude dos camiós segundo e terceiro?

6- Calcula:

$$\begin{array}{lll} 0,95 \cdot 0,34 = & 3,25 \cdot 2,04 = & 6,8 \cdot 2,06 = \\ 3,14 \cdot 0,5 = & 2,25 \cdot 0,30 = & 500,25 \cdot 0,30 = \end{array}$$

7- Realiza as seguintes multiplicacións pola unidade seguida de ceros:

$$\begin{array}{lll} 0,36 \cdot 10 = & 0,36 \cdot 100 = & 0,36 \cdot 1\ 000 = \\ 3,045 \cdot 10\ 000 = & 0,01 \cdot 100 = & 0,0001 \cdot 10 = \end{array}$$

8- A iarda é unha medida de lonxitude inglesa equivalente a 0,9144 m. Cal será a lonxitude en metros dun camiño que mide 1.000 iardas?

9- Temos 250 caixas con 25 botellas de líquido limpaparabrisas cada unha. Se cada botella pesa 0,62 kg, cal é o peso de cada caixa? E do total de caixas?

COMO SE **DIVIDEN** OS NÚMEROS DECIMAIIS. CASOS.

- **Cando o dividendo é un número natural e o divisor é a unidade seguida de ceros.**

Sepáranse cunha coma, a partir da dereita, tantos lugares como ceros teña a unidade.

Exemplos: $36 : 10 = 3,6$; $2 : 1.000 = 0,002$

- **Cando o dividendo é decimal e o divisor é a unidade seguida de ceros.**

Desprázase a coma cara á esquerda tantos lugares como ceros teña a unidade.

Exemplos: $4,2 : 10 = 0,42$; $0,1 : 1.000 = 0,0001$

- **Cando o dividendo é un número decimal e o divisor é un número natural.**

Faise a división como se o dividendo e o divisor fosen números naturais, pero ponse unha coma no cociente ao baixar a primeira cifra decimal.

Exemplo: $7,32 : 4 = 1,83$

7,32	4
33	1,83
12	
0	

- **Cando o dividendo é un número natural e o divisor é un decimal.**

Suprímese a coma do divisor e á dereita do dividendo póñense tantos ceros como cifras decimais teña o divisor. Despois faise a división como se fosen números naturais.

Exemplo: $1.296 : 1,8 = 720$ \longrightarrow $12.960 : 18 = 720$

- **Cando o dividendo e o divisor son números decimais.**

Desprázase a coma do dividendo e do divisor tantos lugares á dereita como cifras decimais teña o divisor.

Exemplo: $10,83 : 1,9 = 5,7$ \longrightarrow $108,3 : 19 = 5,7$

Se o divisor ten máis decimais que o dividendo, engádense ceros a este ata que se igualem. Logo quítanse as comas e divídense normalmente.

Ej.: $10,5 : 1,45 = 7,24$ \longrightarrow $10,50 : 1,45$ \longrightarrow $1050 : 145 = 7,24$

ACTIVIDADES

1- Efectúa as seguintes divisións:

$$12,25 : 7 =$$

$$102,4 : 0,32 =$$

$$1.546 : 0,35 =$$

$$9,72 : 0,18 =$$

$$10,24 : 1,6 =$$

$$9,72 : 3,6 =$$

2- Calcula:

$$36,45 : 100 =$$

$$0,23 : 1000 =$$

$$46,57 : 10 =$$

$$1.234,56 : 100 =$$

$$32,5 : 1.000 =$$

$$124,567 : 10.000 =$$



3- Completa as seguintes divisións para que sexan correctas:

$$84 : \underline{\quad} = 8,4$$

$$34,8 : \underline{\quad} = 0,348$$

$$6,81 : \underline{\quad} = 0,681$$

$$15,72 : \underline{\quad} = 1,572$$

$$3,27 : \underline{\quad} = 0,327$$

$$120,3 : \underline{\quad} = 1,203$$



4- Cantas viaxes necesita facer Roberto coa súa furgoneta para transportar 60 toneladas se en cada viaxe carga 0,60 toneladas? E se en cada viaxe lle pagan 34,53 euros, canto gañará ao final?

5- Co aceite lubricante producido nunha fábrica nun día, enchéronse 250 caixas de 10 latas cada unha. Se cada lata ten cinco litros, cantos litros de aceite produce a fábrica diariamente?

6- Un caderno de 100 follas de papel ten un espesor de 8 mm. Cal será o espesor dunha folla? E o de 500 follas?

7- Unha persoa, camiñando pola estrada, avanza en cada paso 0,8 m. Cando deu 1.200 pasos, cantos metros percorreu?

OLLO!



Recorda que un peón, en estrada, sempre debe camiñar pola esquerda




Recorda que a unidade das medidas de lonxitude é o metro e que os seus múltiplos e divisores son os seguintes:

- Quilómetro	km	(1 km = 10 hm)
- Hectómetro	hm	(1 hm = 10 dam)
- Decámetro	dam	(1 dam = 10 m)
- Metro	m	(1 m = 10 dm)
- Decímetro	dm	(1 dm = 10 cm)
- Centímetro	cm	(1 cm = 10 mm)
- Milímetro	mm	(1 mm = 0,1 cm)

1- Tendo en conta o cadro anterior, realiza os seguintes cambios de unidades:

147,5 m a cm	25,2 hm a dm	2,56 km a dam
2.487,43 cm a dam	12.456 mm a m	756,4 m a hm
12,54 cm a hm	0,456 m a km	4,06 dm a km

2- Observa as lonxitudes dos seguintes medios de locomoción. Expressa a súa medida en metros.




975,4 cm



0,018 hm



47,55 dm



0,0395 km



3.450 mm



1,325 dam

3- A continuación presentámosche unha lista de vehículos coas súas posibles lonxitudes. Transforma a súa medida á unidade que creas conveniente e di se se axusta ou non, aproximadamente, á realidade.

Tractor: 13.476,54 cm

Bicicleta: 1,045 hm

Automóbil: 0,00456 km

Motocicleta: 11.425 mm

“Vou conducindo tranquilamente o meu coche, mentres saboreo unha goma de mascar con sabor de amorodo. De súpeto, vexo que se acenden os pilotos vermellos de freo do automóbil que vai diante. Minoro a marcha e, entón, oio un ruído estraño que provén do motor e empeza a ulir a gasolina. Toco o mando do intermitente cara á dereita e detéñome para descubrir o que acontece..”



QUE ACONTECEU?

Comprobamos aquí como, nuns segundos, os nosos **cinco sentidos** nos alertaron do que acontece ao noso arredor e, de acordo ás mensaxes ordenadas polo cerebro, actuamos consecuentemente.

- A luz dos pilotos dos freos do coche dianteiro chegan aos nosos ollos (**sentido da vista**). O nervio óptico transmite ao cerebro esta sensación e ordena levantar o pé do acelerador e pisar o pedal do freo ante o posible perigo de choque.

- O son estraño do motor chega aos meus oídos (**sentido do oído**) e fai vibrar unha membrana moi fina, chamada tímpano, que está ao fondo do conduto auditivo. O nervio auditivo transmite esta sensación ao cerebro que nos pon alerta da posible avaría do motor.

- A gasolina evaporada, en forma de gas, chega ás nosas foxas nasais (**sentido do olfacto**) e esta sensación, transmitida tamén ao cerebro polo nervio correspondente, lévanos á conclusión de que, nalgún sitio, hai un escape de gasolina e, polo tanto, pode haber algún perigo.

- Cos dedos das mans palpamos (**sentido do tacto**) a panca do intermitente e accionámola para avisar da nosa manobra.



- Con todos estes acontecementos, deixamos de mastigar a goma de mascar. A substancia que ten con sabor a amorodo, mesturada coa saliva, non chega á parte posterior da lingua, onde temos as terminacións nerviosas que detectan os sabores (**sentido do gusto**). Ademais, do susto, quedanos a boca seca!

ACTIVIDADES

1- Busca o significado das palabras:

sentido cerebro nervio óptico tímpano




2- Como viches no texto, temos cinco sentidos. Cales son? Que órganos se encargan de cada un deles?

3- Le estas palabras e clasifícaaas segundo a sensación que expresen:

<i>aromático</i>	<i>descolorido</i>	<i>suave</i>	<i>agridoce</i>	<i>murmurio</i>	<i>duro</i>
<i>fragrante</i>	<i>berro</i>	<i>escuro</i>	<i>saboroso</i>	<i>picante</i>	<i>insípido</i>
<i>berro</i>	<i>perfumado</i>	<i>opaco</i>	<i>zunido</i>	<i>brando</i>	<i>reluciente</i>
<i>inodoro</i>	<i>esponxoso</i>	<i>fétido</i>	<i>ruído</i>	<i>vermello</i>	<i>estridente</i>

4- Relaciona con frechas segundo creas que corresponda:



vista

oído

gusto

tacto

olfacto

foxas nasais

pupila

lingua

dedos


pálpebras

queimadura

cerebro

tímpano


óptico



5- Os diferentes sentidos proporcionánnos unha enorme variedade de sensacións. En función diso, escribe todos os verbos que poidas relacionar con cada un dos sentidos. Exemplos: vista - contemplar; tacto – rozar.



Recorda que os sentidos son a única vía de comunicación que ten o cerebro co exterior. Todos eles están unidos ao cerebro por nervios. Os nervios transmiten a información que recollen dos ollos, oídos, lingua... Á súa vez, cando queremos movernos, o noso cerebro envía ordes aos músculos a través dos nervios e os músculos móvense.



6- A pupila é a “ventá” que deixa pasar máis ou menos luz en función das necesidades visuais. Cando imos conducindo e, repentinamente, saímos dun túnel e nos encontramos cunha zona soleada, ao principio vemos moi mal. Por que crees que acontece isto?


7- Cal consideras ti que é a utilidade das *cellas*, as *pestanas* e as *pálpebras*?

8- Se se introduce nun ollo un lixo ou partícula sólida estraña, cal é a reacción de defensa? Por que?

9- O daltonismo é un trastorno da visión que consiste na dificultade para diferenciar as cores vermella e verde. Deberíase dar o carné de conducir a unha persoa que padeza daltonismo? Por que?

10- Soa a bucina dun automóbil... Que camiño percorren as ondas sonoras ata chegar ao cerebro?


11- O *cerume* é unha especie de cera que se produce no conduto auditivo. Para que cre que serve?




12- Algúns animais poden mover as orellas. Para que crees que a natureza os dotou con esta facultade? Cita algún que coñezas.

13- As ondas sonoras avanzan a unha velocidade de 340 m/s (en cada segundo, entón, percorren 340 metros). Desde que observo o raio dunha nube tormentosa ata que se produce o trono, pasan 5 segundos. A que distancia se encontrará a tormenta? Lembra que a velocidade da luz se pode considerar instantánea.

14- Escribe tres adxectivos que nos indiquen como pode ser cada un dos seguintes sons producidos por:



- O timbre do despertador pola mañá.
- A auga dun río.
- O tráfico dunha cidade.
- O motor dun tractor.
- A bucina dun camión.



15- Existen catro tipos de sabores: doce, salgado, ácido e amargo, cada un localizado nunha zona da parte superior da lingua. Cita todas as substancias que coñezas que se correspondan con cada sabor.

16- Cando nos arrefriamos perdemos unha gran parte da sensación do gusto. Saberías explicar por que?

17- Escribe varias palabras que expresen como poden ser os sabores de:

- Unha ensalada

- Unha mazá

- Un queixo

18- Os cegos utilizan para ler o sistema Braille, que consiste en puntos marcados en relevo sobre o papel. Que sentido utilizan, entón, as persoas invidentes para ler?

O **tacto** encóntrase localizado na **pel** de todo o corpo e nas mucosas da boca e os labios.

O tacto é un sentido múltiple, xa que interpreta distintas clases de sensacións, principalmente:

- Sensacións **táctiles**. Dánnos idea da forma, o peso, a textura, o tamaño e outras moitas calidades dos obxectos que tocamos.

- Sensacións **térmicas**. Permítenos apreciar as diferenzas de temperatura, as sensacións de calor e frío.

- Sensacións **dolorosas**. Fannos sentir a dor producida polas feridas, queimaduras, esgazaduras e outras lesións.

19- Escribe o cadro anterior e contesta as seguintes preguntas:


- Onde reside o sentido do tacto?

- Por que dicimos que o tacto é un sentido múltiple?

- Que tres tipos de sensacións se interpretan mediante o tacto?

20- Por que obxectos como un espello non ulen? cal cres ti que é a explicación?

21- Os órganos do sentido do olfacto áchanse localizados no interior das **foxas nasais**, onde unhas células denominadas olfactivas captan os olores e os transmiten ao cerebro. Enumera polo menos dez cousas, animais, substancias... que sexan especialmente recoñecidas polo seu olor, tanto bo como malo.



A Terra no espazo




A Terra non está soa no Universo, senón que se atopa rodeada de miles e miles de corpos denominados **astros**. Algúns deles teñen luz propia, como é o caso do **Sol**. Estes astros denominámolos **estrelas**. Outros non teñen luz propia e xiran en torno ás estrelas, como é o caso da **Terra** que xira arredor do Sol. Son os **planetas**.

Ademais da Terra, outros sete planetas xiran arredor do Sol, recibindo a súa luz. Estes planetas constitúen un conxunto denominado **Sistema Solar**. Ordenados do máis próximo ao máis afastado con respecto ao Sol, os planetas son: *Mercurio, Venus, Terra, Marte, Xúpiter, Saturno, Urano e Neptuno*.

Arredor dalgúns destes planetas xiran outros astros máis pequenos. Reciben o nome de **satélites**. A Terra ten un só satélite: a **Lúa**.

ACTIVIDADES

- 1- Que ten en común unha estrela cun planeta? En que se diferencian?
- 2- A Terra, xunto a outros sete planetas, forman un conxunto de astros. Que nome recibe este conxunto? En torno a que estrela xiran?
- 3- Enumera, ordenándoos do máis afastado ao máis próximo ao Sol, os planetas do sistema solar.
- 4- Que son os satélites? Ten a Terra algún satélite? Cal?
- 5- Consultando en internet ou nunha enciclopedia, fai un breve traballo sobre a conquista da Lúa polo home, no que indiques cando se pisou por primeira vez, quen o fixo, que país mandou o foguete espacial, etc.




Planetas do sistema solar

Planetas	Diámetro en km	Satélites	Tempo translación	Tempo rotación	Distancia Sol (mill. km)	Densidade	Temperatura superficie
Mercurio	4.660	---	88 días	55 días	58	6,1	400°
Saturno	116.900	10	29,7 anos	10,5 h.	1.420	0,7	-150°
Venus	12.196	---	225 días	243 días	108	5,1	425°
Urano	51.000	5	83,7 anos	10,7 h.	2.866	1,3	-185°
Terra	12.742	1	1 ano	1 día	149	5,5	Segundo estación
Xúpiter	139.548	12	11,9 anos	10 h.	775	1,3	-130°
Neptuno	44.730	2	166 anos	15,8 h.	4.500	2,2	-185°
Marte	6.814	2	1,9 anos	24,6 h.	225	3,3	-30°

6- No cadro anterior tes a relación de planetas do sistema solar coas súas características máis destacadas. Consultando o cadro, contesta ás seguintes preguntas:

- Cal é o planeta máis grande? E o máis pequeno?
- Que planeta está máis preto da Terra?
- Que planeta ten maior número de satélites? Cantos?
- Que planetas non teñen satélites?
- En que dous planetas se alcanzan as maiores temperaturas? Por que?
- Cales son os planetas máis fríos? Por que?



7- Os planetas, como puidiches ver no cadro, teñen dous movementos: un de **rotación**, no que xiran sobre si mesmos, e outro de **translación**, no que xiran arredor do Sol. Consultando o cadro contesta:

- Que planetas tardan máis que a Terra en realizar o movemento de rotación?
- Cal é o planeta que xira máis rápido sobre si mesmo?
- Que planeta tarda máis en realizar o movemento de rotación?
- Cal dos planetas do sistema solar non podería, durante a vida normal dunha persoa, dar unha volta completa arredor do Sol?

A **Terra**, como todos os planetas do sistema solar, realiza os movementos de rotación e translación.

- Movemento de **rotación**: a Terra tarda 24 horas en dar unha volta completa sobre si mesma. Este movemento orixina a sucesión dos **días** e das **noites**.

- Movemento de **translación**: realízao a Terra arredor do Sol, seguindo un camiño en forma de elipse chamado **órbita**. Inviste 365 días e 6 horas en realizar unha volta completa.

Debido ao movemento de translación e á inclinación do eixe terrestre, os raios solares non inciden co mesmo ángulo sobre a superficie terrestre durante todo o ano, dando lugar ás **estacións**.

8- Canto tarda a Terra en realizar o movemento de rotación? Que é o que orixina este movemento? Por que?


9- Que é a órbita da Terra?

10- Cada catro anos, temos un ano **bisesto**, que ten 366 días. Cres que esta circunstancia se dá por capricho ou hai algunha explicación lóxica?

11- No debuxo figuran catro posicións da Terra respecto ao Sol, que coinciden co inicio de cada unha das estacións. Escribe en que estación estarán, no hemisferio Norte, en cada unha desas posicións.







- inverno -



Andrés e Marta ían no seu coche comprar ao supermercado. Levaban prása, pois tiñan que recoller os nenos á saída do colexio e dispoñían só dunha hora. Había tráfico e tocoulles ir detrás dun coche que ía algo devagar. Andrés comentou:

- Se vai a menos de 40! Non se pode ir a esa velocidade!

- Tranquilo, non terá prása. Non te poñas nervioso -contestou Marta.

Ao chegar a un cruzamento, o vehículo que ía diante xirou á esquerda sen usar o intermitente, e Andrés tivo que frear bruscamente. Cando se achegou ao coche que xiraba, viu que quen conducía era muller e exclamou:


- Muller tiñas que ser!

Marta, molesta, replicou:

- Que pasa, que só conducimos mal nós? Pois debes saber que, estatisticamente, temos menos accidentes as mulleres que os homes.

- Xa, tes razón. Síntoo. Non debín dicir iso, pero... Cando un se enfada, dinse parvadas.

- Vale, non te preocupes. Imos comprar e logo tomar un café. Pero invitas ti.



ACTIVIDADES

- 1- Cres que é verdade o tópico de que os homes conducen mellor que as mulleres? Razona a túa resposta.
- 2- Existen máis diferenzas das puramente fisiolóxicas entre o home e a muller? Cales?
- 3- Cal cres ti que debería ser o papel da muller na sociedade actual? Razona a túa resposta



Recorda que, nun debate, debes respectar tanto as quendas de palabra coma as opinións dos demais, aínda que non coincidan coas túas.